

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10939 *Real decreto 861/2018, do 13 de xullo, polo que se establece a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias dos sectores do aceite de oliva e das olivas de mesa, e polo que se modifica o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e derroga os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e derroga os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, dispoñen –en virtude do artigo 67 do primeiro e do artigo 223 do segundo– que os Estados membros notificarán certa información á Comisión Europea relativa á xestión dos réximes de axuda e do mercado.

Este marco regulador perfecciónase mediante o Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1183 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se complementan os regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) 1308/2013 no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión, en cuxo artigo 1 se prevé que as notificacións serán de aplicación aos sectores enumerados no artigo 1.2 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, entre os cales se inclúe o aceite de oliva e as olivas de mesa.

Así mesmo, a normativa da Unión Europea relativa ás obrigacións de notificación complétase a través do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión.

A este respecto, no seu considerando n.º 5 indícase que é importante que a información notificada sexa pertinente para o mercado de que se trate, exacta e completa, e procede que os Estados membros poñan en marcha mecanismos para garantir este aspecto, incluídas as medidas necesarias para que os axentes económicos lles proporcionen a información exixida dentro dos prazos oportunos.

Insistindo no anterior, os considerandos n.ºs 7 e 8 indican, respectivamente, que os Estados membros poden notificar información adicional que sexa relevante para o mercado alén do exixido polo citado regulamento, e que a información sobre os prezos dos produtos, a produción e o mercado é necesaria para efectos do seguimento, a análise e a xestión do mercado dos produtos agrícolas e da aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Para tales efectos, no artigo 6 do citado Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, establécense os requisitos relativos ás notificacións sobre prezos, producións e situación do mercado.

Por outro lado, débese sinalar que a transparencia dos mercados constitúe un elemento fundamental para o seu funcionamento. Os mercados do aceite de oliva e das olivas de mesa son un claro exemplo disto.

Por Orde APA/2677/2005, do 8 de agosto, sobre contabilidade e declaracións para o control no sector do aceite de oliva e das olivas de mesa, deuse continuidade ao sistema de contabilidade e declaracións previsto no réxime das axudas á produción. Extinguido este, mediante as súas posteriores modificacións, a última operada por Orde

ARM/2275/2010, do 20 de agosto, implantouse e perfeccionouse un sistema de información dos mercados oleícolas que permitiu dotar o sector dunha formidable transparencia.

A transparencia, como esencia para o coñecemento dos mercados agrarios, constitúe unha filosofía cada vez máis arraigada na definición das políticas agrarias.

Por outro lado, a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, na súa disposición adicional primeira (conforme a redacción que ao seu número 5 deu a disposición derradeira primeira da Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito supraautonómico) establece entre os fins da Axencia de Información e Control Alimentarios a xestión do sistema de información de mercados oleícolas. Así mesmo, no número 6 establécense as funcións que ten que realizar esa axencia para a consecución dos fins asignados.

A Sentenza 66/2017, do 25 de maio (BOE do 1 de xullo) pola que se resolve o recurso de inconstitucionalidade 6227-2013 interposto polo Consello de Goberno da Xeneralidade de Cataluña en relación con diversos puntos da disposición adicional primeira da citada Lei 12/2013, do 2 de agosto, declarou nulos diversos aspectos da citada lei no que concirne ás funcións da Axencia de Información e Control Alimentarios. Entre outras, o establecido na alínea b) do número 6 da disposición adicional primeira, a cal asignaba á Axencia como unha das súas funcións a de establecer e desenvolver o réxime de control necesario acerca dos sistemas de información de mercados, entre eles os oleícolas.

Por isto, débese ter presente que na campaña 2017/18 se mantén a aplicación da Orde APA/2677/2005, do 8 de agosto, para as declaracións obrigatorias, sempre tendo en conta que o control compete ás comunidades autónomas.

Na actual conxuntura resulta necesario adecuar os procedementos, preservando, no entanto, o sistema de información dos mercados, fin para o cal se establece a presente disposición.

Isto permitirá un adecuado cumprimento das obrigacións de información á Comisión Europea, realizar un apropiado seguimento da evolución do mercado e, pola súa vez, que os operadores do sector e as administracións adopten as súas decisións co maior coñecemento. Para isto, é necesario dispor dos mellores instrumentos que outorguen unha maior e mellor calidade á información.

Mediante este real decreto afiánzase e actualízase o vixente sistema de declaracións, a un tempo que se complementa cun censo de instalacións e operadores oleícolas obrigados a declarar; así como se establece toda a información mínima que deben conter as declaracións obrigatorias no sector do aceite de oliva e das olivas de mesa. Isto desde a perspectiva de que o dito sistema de ningún modo suporá custo adicional para o operador, dado que os datos que actualmente constan en poder da Administración se integrarán no sistema. Ademais, o censo incluirá as empresas, persoas físicas ou xurídicas que non dispoñan de instalacións propias e realicen operacións no mercado de aceite de oliva, a fin de garantir a rastrexabilidade do sistema.

As comunidades autónomas serán responsables do mantemento e actualización do censo de instalacións e operadores oleícolas, a partir, segundo o caso, dos datos do Rexistro de Industrias Agrarias que operan no seu poder, dos datos facilitados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre as instalacións e operadores que na actualidade están a declarar e da información que proporcionen os propios operadores, a fin de garantir a súa continuidade. Neste senso, informarán o Ministerio das modificacións posteriores que se produzan, para que este actualice os datos das instalacións que declaran no sistema de información dos mercados oleícolas en cada campaña de comercialización.

O sistema de información dos mercados oleícolas quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que será o responsable do seu funcionamento coordinado. Este, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios para este correcto funcionamento.

As autoridades competentes poderán establecer os seus sistemas informáticos de tal modo que os operadores poidan realizar as súas declaracións conforme o establecido neste real decreto.

Os axentes económicos do sector obrigados a declarar serán os responsables do mantemento debidamente actualizado dos datos contidos nel e da súa veracidade e exactitude.

O sistema será accesible a todos os órganos competentes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ás comunidades autónomas para as instalacións establecidas no seu ámbito territorial e aos declarantes para os seus propios datos. Así mesmo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación porá ao dispor das comunidades autónomas e das organizacións representativas de sector do aceite de oliva e das olivas de mesa a información extraída deste sistema de forma agregada, e proporcionará ás organizacións interprofesionais a información necesaria para os efectos da aplicación das súas respectivas extensións de norma. Todo isto, sen prexuízo da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación utilizará a información contida no sistema para o envío á Comisión Europea de toda a información que exixa a normativa europea en materia de información de mercados, así como calquera outra que sexa necesaria.

Finalmente, para que o sistema de información dos mercados oleícolas sexa veraz, cómpre asegurarse da exactitude das declaracións e, en casos de incumprimentos, impor as sancións correspondentes.

Por outra parte, mediante o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, estableceuse a normativa básica ao respecto e o réxime de autorizacións de plantacións de viña. Nesta normativa establécense os modelos para o envío da información que as comunidades autónomas teñen que comunicar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, mediante os anexos IX ao XIX daquel. É necesario adaptar catro destes anexos para completar a información que as comunidades autónomas deben comunicar na súa aplicación, operación meramente puntual que se leva a cabo mediante a presente disposición.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica. O artigo 15 dítase en execución e desenvolvemento do disposto na disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

Na elaboración deste real decreto observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; os principios de necesidade e eficacia, pois que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir; e o principio de seguranza xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, por canto asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e transparencia ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración.

Durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados, e someteuse ao trámite de audiencia e información públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa prevista no artigo 26.5, quinto parágrafo, da Lei 50/1997, do 27 de novembro, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 13 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias dos sectores do aceite de oliva (incluído o bagazo) e as olivas de mesa, necesaria para dotalos dunha maior transparencia e poder dispor das mellores informacións dos seus mercados, así como para dar cumprimento ás obrigacións de información á Comisión Europea previstas no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, e tamén no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) número 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007.

Artigo 2. *Sistema de información dos mercados oleícolas.*

1. Actualízase o sistema de información dos mercados oleícolas (SIMO), en base informática, que conterá:

- a) O censo nacional de instalacións e operadores oleícolas, que conterá todas as instalacións e operadores a que se refiren os artigos 4 ao 9 seguintes.
- b) A información de mercados resultante das declaracións obrigatorias a que se refiren os artigos 4 ao 9.

2. As comunidades autónomas serán responsables do mantemento e actualización do censo de instalacións e operadores oleícolas a que se refire o artigo 3 e informarán puntualmente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación das actualizacións que se produzan, para o seu reflexo no censo das instalacións a que se refire a alínea a) do número anterior.

3. O sistema de información dos mercados oleícolas quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que será o responsable do seu funcionamento, coordinado coas comunidades autónomas, na forma prevista no presente real decreto.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento das aplicacións informáticas.

5. As comunidades autónomas poderán establecer os seus propios sistemas de declaración de información, ben que, neste último caso, nos correspondentes modelos de declaración de información se incluírá, ao menos, a información que figuran nos anexos do presente real decreto. As aplicacións informáticas que utilicen deberán posibilitar que a parte referida aos datos mínimos previstos nos anexos deste real decreto sexa accesible e reutilizable no SIMO, mediante sistemas entendibles por máquinas conforme os protocolos e estándares de interoperabilidade establecidos para o SIMO, e os custos da interoperabilidade serán a cargo das comunidades autónomas de que se trate.

Artigo 3. *Censo de instalacións e operadores oleícolas.*

1. As comunidades autónomas manterán e xestionarán un censo de instalacións e operadores oleícolas situados fisicamente no seu territorio, que incluírá, así mesmo, os operadores domiciliados nesa comunidade autónoma que carecen de instalacións propias. Este censo nutrirase, segundo o caso, dos datos dos seus propios rexistros de industrias agrarias, dos datos facilitados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e da información que proporcionen os operadores, que será, ao menos, a que se recolle no anexo I.

2. As comunidades autónomas informarán puntualmente o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de todas as altas, baixas e, en xeral, de calquera modificación que se produza, para o seu reflexo no SIMO.

Artigo 4. Obrigações dos lagares de aceite.

1. Os lagares de aceite deberán presentar unha declaración co resumo mensual da súa actividade, que conterá, como mínimo, a información que se recolle no anexo II.

2. As obrigacións contidas neste artigo esténdense aos lagares denominados móbiles (que moen nos eidos dos seus clientes ao teren a condición de ambulantes e a capacidade de colocarse en diferentes sitios), os cales solicitarán alta na comunidade autónoma onde estea a súa sede social.

3. Os lagares que adquiren aceite de oliva a fin de comercializalo a granel terán para este aceite a consideración de operadores e, en consecuencia, deberán efectuar ademais a declaración indicada no artigo 6.

4. Nos casos en que a entrega de oliva crúa ao lagar se leve a cabo nun centro de compra separado do propio lagar, por un operador (comercializador) de olivas ou cando procedan dunha industria de transformación de oliva de mesa, estes proporcionarán ao lagar, no momento da entrega física das olivas, unha relación conforme o modelo que figura no anexo X deste real decreto.

Artigo 5. Obrigações das envasadoras.

1. As envasadoras de aceites de oliva, incluído o de bagazo, deberán presentar unha declaración co resumo mensual da súa actividade que conteña, como mínimo, a información que se indica no anexo III.

2. Os lagares que realicen a actividade de envasamento exclusivamente de aceites de oliva virxes en envasadora propia terán a obrigación de presentar esta declaración a través do anexo II.

Artigo 6. Obrigações doutros tedores de aceite de oliva e aceite de bagazo de oliva.

Os operadores do sector con instalacións que sexan tedores, por calquera título, de aceites de oliva ou aceite de bagazo de oliva a granel deberán presentar unha declaración co resumo mensual da súa actividade que, como mínimo, inclúa a información contida no anexo IV, a non ser que envasen parte deses aceites e, neste caso, declararán conforme o indicado no número 1 do artigo 5.

Artigo 7. Obrigações das refinarias e das extractoras.

1. As refinarias de aceites de oliva deberán presentar unha declaración co resumo mensual da súa actividade, que conteña, como mínimo, a información que se indica no anexo V.

2. As extractoras de aceite de bagazo de oliva presentarán unha declaración resumo mensual da súa actividade que, como mínimo, inclúa a información que se indica no anexo VI.

Artigo 8. Obrigações das empresas que operan no mercado do aceite de oliva sen instalacións propias.

As persoas físicas ou xurídicas que operen no mercado dos distintos tipos de aceite de oliva e/ou aceite de bagazo de oliva sen instalacións propias deberán presentar unha declaración resumo mensual da súa actividade que conteña, ao menos, a información que se indica en anexo VII, sen prexuízo das restantes declaracións que, se for o caso, se deberán formular en virtude do disposto nos artigos precedentes.

Artigo 9. *Obrigacións das industrias de transformación e doutros operadores de olivas de mesa con instalacións.*

1. As industrias de transformación de olivas de mesa e os operadores que sexan tedores, por calquera título, de olivas a granel, xa sexan aderezadas e/ou elaboradas, deberán presentar unha declaración co resumo mensual da actividade que conterá, como mínimo, a información que se indica no anexo VIII.

2. As envasadoras de oliva de mesa deberán presentar unha declaración co resumo mensual da súa actividade, que, como mínimo, conterá a información que se indica no anexo IX.

3. Nos casos en que a entrega de oliva crúa á industria de transformación se leve a cabo nun centro de compra separado da propia industria ou por medio dun operador (comercializador) de olivas, estes proporcionarán á industria, no momento da entrega física das olivas, unha relación conforme o modelo que figura no anexo X deste real decreto.

Artigo 10. *Producións ecolóxicas.*

1. Os lagares e as envasadoras de aceite de oliva, as industrias de transformación e envasadoras de oliva de mesa, así como os operadores dalgún destes produtos que obteñan, transformen, envasen ou almacenen aceite de oliva ou olivas de mesa ecolóxicos, ademais das declaracións que estean obrigados a presentar, deberán realizar unha declaración complementaria relativa a estes produtos ecolóxicos.

2. As informacións das declaracións complementarias da produción ecolóxica serán as establecidas para esas entidades en relación coas demais declaracións, aínda que neste caso se limitarán aos seus produtos ecolóxicos, facendo constar nelas a expresión «PE» seguida do número de operador de produción ecolóxica do declarante e o nome da súa entidade de certificación.

3. No caso de que a actividade das citadas entidades se refira exclusivamente a produtos ecolóxicos, formularán unicamente a declaración correspondente a estes.

Artigo 11. *Soporte documental.*

Os datos e información reflectidos nas declaracións mensuais de actividade correspondentes aos anexos II ao IX deberán estar soportados por rexistros de xestión internos e pola correspondente documentación comercial, que estarán ao dispor das autoridades competentes durante catro anos.

Os obrigados a declarar terán que utilizar un sistema de contabilidade de existencias e dos movementos físicos dos seus produtos de acordo con modelos de datos que recollan a información que se indica no anexo XI.

Artigo 12. *Prazos e sistema de comunicacións.*

1. As solicitudes de inscrición (altas) no censo de instalacións e operadores oleícolas deberán realizarse durante o mes seguinte ao de inicio da súa actividade, e a comunidade autónoma concernida deberá realizar a alta no censo no prazo de quince días naturais seguintes á recepción da comunicación.

2. A comunicación de baixa no censo por cesamento definitivo da actividade, ou de feche dalgunha instalación, así como a modificación de datos ou a súa corrección, deberase presentar o máis tardar antes da finalización do mes seguinte a aquel en que se produciu o feito, e a comunidade autónoma concernida deberá realizar a alteración que corresponda no censo no prazo dos quince días naturais seguintes á recepción da comunicación.

3. As declaracións indicadas nos artigos 4 a 9 da presente disposición deberanse presentar o máis tardar o día dez de cada mes, incluíndo a información referida ao mes anterior.

4. As declaracións realizaranse por medios telemáticos a través do sistema de información de mercados oleícolas regulado no artigo 2 deste real decreto, mesmo naqueles meses en que a instalación ou o operador non tivo actividade e teña que declarar todos os datos como cero.

5. Non obstante o anterior, os declarantes deberán comunicar o cesamento temporal de actividade na instalación cando non dispoñan de existencias nin a vaian utilizar no que quede de campaña o máis tardar no mes seguinte a aquel en que se produciu o cesamento. Unha vez realizada a dita comunicación, quedarán eximidos da obrigaón de declarar até o inicio da campaña seguinte.

Artigo 13. *Acceso á información.*

1. Aos datos existentes no sistema de información dos mercados oleícolas soamente poderán ter acceso o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, as comunidades autónomas para as instalacións establecidas no seu ámbito territorial e os declarantes para os seus propios datos.

2. Ademais, os datos poderán ser utilizados para solicitar a información necesaria para a elaboración, seguimento e control de extensións de norma nos sectores do aceite de oliva, incluído o bagazo, e das olivas de mesa, realizadas segundo o disposto na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación porá ao dispor das comunidades autónomas e as organizacións representativas de ámbito estatal do sector do aceite de oliva e das olivas de mesa a información extraída do SIMO de forma agregada.

4. Toda a información será confidencial.

Artigo 14. *Deber de comunicación á Comisión Europea.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación utilizará a información recollida nas declaracións para dar cumprimento ás obrigaóns establecidas no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/1183 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se complementan os regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) 1308/2013 no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e Regulamento de execución (UE) n.º 2017/1185 da Comisión, do 20 de abril de 2017, polo que se establecen as normas de desenvolvemento dos regulamentos (UE) n.º 1307/2013 e (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á notificación de información e documentos á Comisión e polo que se modifican e derrogan diversos regulamentos da Comisión.

Artigo 15. *Funcións da Axencia de Información e Control Alimentarios, das comunidades autónomas e plan de control.*

1. Corresponde á Axencia de Información e Control Alimentarios, de acordo co previsto no número 6.a) da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, xestionar e manter os sistemas de información, seguimento e análise do mercado oleícola, de aceite de oliva e oliva de mesa, a análise e a difusión dos seus resultados.

2. Así mesmo, corresponde aos órganos competentes das comunidades autónomas realizar os controis oficiais para comprobar o cumprimento das obrigaóns establecidas no presente real decreto e asegurar a exactitude das declaracións das instalacións que se encontren no seu territorio, e o cumprimento das obrigaóns establecidas.

3. Non obstante, poderán establecerse sistemas de colaboración, na forma xurídica máis adecuada, entre as comunidades autónomas e a Axencia de Información e Control Alimentarios para que realice os controis establecidos.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coordinará coas comunidades autónomas, a través da Axencia de Información e Control Alimentarios, a elaboración dun plan de control, no relativo aos controis indicados no número 2.

5. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán a información sobre os controis oficiais realizados á Axencia de Información e Control Alimentarios polo sistema que se estableza para o efecto e que especificará o tempo e a forma da remisión dos resultados.

6. Así mesmo, remitirán as modificacións das declaracións incorporadas á base de datos, así como as declaracións pendentes de envío que fosen obtidas como consecuencia dos controis realizados, polo sistema que se estableza para o efecto no plan de control.

Artigo 16. *Incumprimento da obrigación de declarar e réxime sancionador.*

Os obrigados a presentar as declaracións recollidas no presente real decreto que non o fagan na forma e prazos establecidos, ou a falta dalgunha das declaracións obrigatorias, así como os erros, inexactitudes ou omisións nelas que afecten as características dos produtos ou mercadorías consignados, serán sancionados segundo a normativa propia de cada comunidade autónoma.

Disposición adicional primeira. *Calendario das campañas.*

Para os efectos das obrigacións contables e de información establecidas neste real decreto, así como dos datos recollidos no sistema de información de mercados oleícolas, o calendario de campaña de oliva de mesa será desde o 1 de setembro até o 31 de agosto seguinte, e para o aceite de oliva, incluído o de bagazo, desde o 1 de outubro até o 30 de setembro seguinte.

Disposición adicional segunda. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas neste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias existentes e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Censos preexistentes.*

A información e datos que á entrada en vigor do presente real decreto consten nos rexistros de industrias agrarias das comunidades autónomas ou no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación integráranse no censo de instalacións e operadores oleícolas a que se refire o artigo 3.

Aqueles operadores que non consten no citado censo ou que non proporcionasen todos os datos previstos no anexo I da presente disposición disporán dun prazo máximo de dous meses para solicitar a alta no censo, comunicando ao menos os datos do anexo I da presente norma, ou para comunicar á autoridade competente os datos complementarios de que se trate, respectivamente.

Disposición transitoria segunda. *Declaracións da campaña 2017/18.*

As declaracións obrigatorias que deban formularse durante a campaña 2017/18, iniciada con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto, rexeranse pola Orde APA/2677/2005, do 8 de agosto, sobre contabilidade e declaracións no sector do aceite de oliva e as olivas de mesa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde APA/2677/2005, do 8 de agosto, sobre contabilidade e declaracións no sector do aceite de oliva e as olivas de mesa.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola.*

O Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, queda modificado como se recolle a seguir:

Un. O anexo XII «Autorizacións concedidas para replantacións» substitúese polo seguinte:

«ANEXO XII

Autorizacións concedidas para replantacións

Comunidade autónoma:				
Data de comunicación:				
Campaña vitícola:				
Provincia	Número de hectáreas efectivamente concedidas situadas en superficies admisibles á produción de***:			
	Viño con DOP*	Viño con IXP**	Viño sen DOP/IXP	Total
(1)	(2)	(3)	(4)	(5)
TOTAL				
Provincia orixe da autorización (a)	Viño con DOP*	Viño con IXP**	Viño sen DOP/IXP	Total
TOTAL				
Código DOP (b)	Viño con denominación de orixe protexida (DOP)			
TOTAL				

* Estas superficies tamén poden ser admisibles para a produción de viño con IXP ou viño sen IX; ningunha das superficies comunicadas na columna (2) debe ser incluída na columna (3).

** Estas superficies tamén poden ser admisibles para a produción de viño sen IX pero non de viño DOP; ningunha das superficies comunicadas na columna (3) debe ser incluída na columna (4).

*** Datos referidos á campaña vitícola anterior á comunicación.

(a) Indicarase a provincia de orixe da autorización cando os dereitos de replantación ou arrincas que a orixinaron proveñan doutra comunidade autónoma, detallando a superficie concedida a partir deles (viño con DOP, viño con IXP, viño sen DOP/IXP).

(b) Indicarase o nome da DOP, identificada polo seu código, e o número de hectáreas do total recollido na columna (2) que se localizan na zona xeográfica desa DOP.

Data límite da comunicación: 1 outubro.»

Dous. O anexo XIII «Dereitos de plantación concedidos antes do 31 de decembro de 2015 e convertidos en autorizacións-autorizacións concedidas» substitúese polo seguinte:

«ANEXO XIII

Dereitos de plantación concedidos antes do 31 de decembro de 2015 e convertidos en autorizacións – autorizacións concedidas

Comunidade autónoma:				
Data de comunicación:				
Campaña vitícola:				
Provincia	Número de hectáreas efectivamente concedidas situadas en superficies admisibles á produción de***:			
	Viño con DOP*	Viño con IXP**	Viño sen DOP/IXP	Total
(1)	(2)	(3)	(4)	(5)
TOTAL				
Provincia orixe da autorización (a)	Viño con DOP*	Viño con IXP**	Viño sen DOP/IXP	Total
TOTAL				
Código DOP (b)	Viño con denominación de orixe Protexida (DOP)			
TOTAL				

* Estas superficies tamén poden ser admisibles para a produción de viño con IXP ou viño sen IX; ningunha das superficies comunicadas na columna (2) debe ser incluída na columna (3).

** Estas superficies tamén poden ser admisibles para a produción de viño sen IX, pero non de viño DOP; ningunha das superficies comunicadas na columna (3) debe ser incluída na columna (4).

*** Datos referidos á campaña vitícola anterior á comunicación.

(a) Indicarase a provincia de orixe da autorización cando os dereitos de replantación ou arrincas que a orixinaron proveñan doutra comunidade autónoma, detallando a superficie concedida a partir deles (viño con DOP, viño con IXP, viño sen DOP/IXP).

(b) Indicarase o nome da DOP, identificada pola seu código, e o número de hectáreas do total recollido na columna (2) que se localizan na zona xeográfica desa DOP.

Data límite da comunicación: 1 outubro.»

Tres. O anexo XIV «Inventario de superficies de viña» substitúese polo seguinte:

«ANEXO XIV

Inventario de superficies de viña

Comunidade autónoma:						
Data de comunicación:						
Campaña vitícola:						
Provincia	Superficie realmente plantada con viña (ha) que son admisibles para a produción de***:					
	Viño con denominación de orixe protexida (DOP)*	Viño con indicación xeográfica protexida (IXP)**		Viño sen DOP/IXP e situado nunha zona DOP/IXP	Viño sen DOP/IXP e situado fóra dunha zona DOP/IXP	Total****
dos cales están incluídos na columna (2)		dos cales non están incluídos na columna (2)				
(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)
TOTAL						
Código DOP (a)	Viño con denominación de orixe protexida (DOP)					
TOTAL						

* Estas superficies tamén son admisibles para a produción de viño con IXP ou viño sen IX.

** Estas superficies tamén son admisibles para a produción de viño con DOP e viño sen IX (columna (3)), ou soamente viño con IXP e viño sen IX (columna (4)). Ningunha das superficies recollidas nas columnas (3) e (4) deben ser incluídas nas columnas (5) e (6).

*** Datos referidos ao 31 de xullo da campaña vitícola anterior.

**** Valores para introducir nesta columna: (7) = (2) + (4) + (5) + (6).

(a) Indicarase o nome da DOP, identificada polo seu código, e o número de hectáreas do total recollido na columna (2) que se localizan na súa zona xeográfica desa DOP.

Data límite da comunicación: 1 outubro.»

Catro. O anexo XVI «Cadro A. Plantacións e arrincas realizadas» substitúese polo seguinte:

«ANEXO XVI

Cadro A. Plantacións e arrincas realizadas

Comunidade autónoma:					
Data de comunicación:					
Campaña vitícola (*):					
Superficie (ha)					
	Viño con denominación de orixe protexida	Viño con indicación xeográfica protexida	Subtotal vinos DOP/IXP	Viño sen DOP/IXP	Total
(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)
Plantacións de viña realizadas(i)					
Arrincas de viña realizadas(ii)					
TOTAL					
Código DOP (a)	Viño con denominación de orixe protexida (DOP)				
TOTAL					

(i) Número de hectáreas plantadas situadas en superficies que poden ser admisibles á produción de viño con DOP, viño con IXP ou viño sen DOP/IXP.

(ii) Número de hectáreas arrincadas situadas en superficies que poden ser admisibles á produción de viño con DOP, viño con IXP ou viño sen DOP/IXP.

(a) Indicarase o nome da DOP, identificada polo seu código, e o número de hectáreas do total recollido na columna (2) que se localizan na zona xeográfica desa DOP.

Data límite da comunicación: 1 outubro.

(*) Datos referidos á campaña vitícola precedente á da comunicación.»

Cinco. O anexo XVI «Cadro B. Información sobre dereitos de plantación inscritos a 31 de decembro de 2015 no rexistro vitícola e sen converter en autorizacións a 31 de xullo da campaña precedente á da comunicación» substitúese polo seguinte:

«Cadro B. Información sobre dereitos de plantación inscritos até o 31 de decembro de 2015 no rexistro vitícola e sen converter en autorizacións até o 31 de xullo da campaña precedente á da comunicación

Comunidade autónoma:	
Data de comunicación:	
Campaña vitícola:	
Superficie (ha)	
Dereitos de plantación inscritos no rexistro vitícola sen converter a 31 de xullo:	
Total (ha)	Desagregación por data de caducidade até o 31 de decembro de 2023 (ha)

Data límite da comunicación: 1 outubro.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar os anexos, as datas e prazos contidos na presente disposición cando sexa necesario para adaptarse ás modificacións derivadas da normativa da Unión Europea, así como para ditar as disposicións que resultaren procedentes na aplicación e desenvolvemento do real decreto no ámbito das competencias do Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xullo de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES

ANEXO I

Declaración ao censo de instalacións e operadores oleícolas

A declaración deberá conter, como mínimo, información relativa:

I) Á actividade realizada pola industria:

1. Ao aceite: lagar, envasadora de aceite, tedores, refinarías, extractoras, operadores sen instalacións.
2. Á oliva transformada: industrias de transformación de oliva de mesa, outros operadores de oliva de mesa con instalacións e envasadoras de oliva de mesa transformada.

II) Datos identificativos da industria: RIA ou, se for o caso, número de control, NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono fixo e móbil, fax, correo electrónico e datos postais completos en caso de non coincidiren cos anteriores.

ANEXO II

Declaración de actividade dos lagares

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos de aceite do lagar (expresado en quilogramos):

- Existencias a inicio de campaña: soamente no primeiro mes de campaña.
- Existencias a inicio de mes.
- Entradas de aceite no mes diferenciadas pola súa procedencia en aceite producido polo lagar, axustes de aceite producido (regularizacións por medicións de capacidade

tanto positivas como negativas), aceite alleo en depósito (propiedade doutras entidades), retorno de aceite propio almacenado en instalacións de terceiros.

– Saídas de aceite no mes diferenciadas polo seu destino en envasadora propia, outras entidades nacionais, exportación, aceite alleo en depósito (retirado pola entidade propietaria), aceite propio enviado a instalacións de terceiros e axustes.

- Existencias a finais de mes de aceite.
- Oliva entrada no mes.
- Oliva moída no mes.
- Bagazo producido no mes.
- Bagazo saído no mes.
- Aceite propio almacenado en instalacións de terceiros: existencias a inicio de mes, entradas no mes, saídas no mes diferenciadas polo seu destino: entidades nacionais, exportación, retorno ao lagar, axustes e existencias a finais do mes.

B. Respecto á actividade de envasamento e de forma diferenciada para os seguintes tipos de aceites: aceite de oliva virxe extra e aceite de oliva virxe (expresado en quilogramos):

- Existencias a inicio mes: diferenciadas polo seu formato en (granel ou envasado).
- Entradas de aceite no mes diferenciadas pola súa orixe segundo sexan de lagar propio, adquirido e axustes por calidade.
- Actividade de envasamento, diferenciada segundo a orixe do aceite, xa sexa de lagar propio ou adquirido.
- Saídas de aceite no mes diferenciadas polo seu formato (granel ou envasado), pola seu destino (mercado interior e exportación) e por axustes por cantidade (tales como roturas, minguas, regularizacións, etc.).
- Existencias a final de mes: diferenciadas polo seu formato (granel ou envasado).

ANEXO III

Declaración de actividade das envasadoras de aceites de oliva

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, o nome ou a razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos de aceite (expresado en quilogramos):

- Existencias a inicio de mes: diferenciadas polo seu formato (granel ou envasado).
- Entradas de aceite no mes diferenciadas pola súa procedencia en: lagar propio, outros lagares, refinaría propia, outras entidades nacionais, importación (inclúe réxime de perfeccionamento activo), e aceite en depósito (propiedade doutras entidades depositado nas instalacións do declarante).
- Mesturas: indicando entradas e saídas.
- Actividade de envasamento.
- Axustes: por calidade, indicando tamén entradas e saídas.
- Saídas de aceite no mes diferenciadas: polo seu formato (granel ou envasado), pola seu destino (mercado interior e exportación que tamén inclúe réxime de perfeccionamento activo), aceite depositado (propiedade doutras entidades depositado nas instalacións do declarante) e axustes por cantidades (tales como roturas, minguas, regularizacións etc.).
- Existencias a final de mes diferenciadas polo seu formato (granel ou envasado).
- Réxime de perfeccionamento activo diferenciando importación e exportación.
- Existencias de aceite propio almacenado na Fundación Patrimonio Comunal Olivareiro e en instalacións asimiladas (é dicir, distintas de lagares, envasadoras, operadores e refinarías), indicando a cantidade en quilogramos a inicio de mes e a final de mes.

– Saídas a exportación de aceite propio almacenado en instalacións de terceiros no mes.

B. Respecto aos tipos de aceite (expresado en quilogramos). Declararanse os anteriores movementos de forma diferenciada para os seguintes tipos de aceites: aceite de oliva virxe extra, aceite de oliva virxe, aceite de oliva que contén exclusivamente aceites de oliva refinados e aceites de oliva virxes, aceite de oliva refinado, aceite de bagazo de oliva cru, aceite de bagazo de oliva e aceite de bagazo de oliva refinado.

ANEXO IV

Declaración de actividade doutros tedores de aceites de oliva e aceite de bagazo de oliva

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos de aceite (expresado en quilogramos):

- Existencias a inicio de mes.
- Entradas de aceite no mes diferenciadas pola súa procedencia en lagares, outras entidades nacionais, importación ou aceite en depósito (propiedade doutras entidades depositado nas instalacións do declarante).
- Saídas de aceite no mes diferenciadas polo seu destino a lagares, a outras entidades nacionais, a exportación e aceite depositado (propiedade doutras entidades depositado nas instalacións do declarante).
- Existencias a final de mes.
- Existencias de aceite propio almacenado na Fundación Patrimonio Comunal Olivareiro e en instalacións asimiladas (distintas de lagares, envasadoras, operadores e refinarias), indicando a cantidade en quilogramos ao inicio de mes e ao final de mes.
- Saídas a exportación de aceite propio almacenado en instalacións de terceiros no mes.

B. Respecto aos tipos de aceite (expresado en quilogramos). Declararanse os anteriores movementos de forma diferenciada para os seguintes tipos de aceites: aceite de oliva virxe extra, aceite de oliva virxe, aceite de oliva que contén exclusivamente aceites de oliva refinados e aceites de oliva virxes, aceite de oliva refinado, aceite de bagazo de oliva cru, aceite de bagazo de oliva e aceite de bagazo de oliva refinado.

ANEXO V

Declaración de actividade das refinarias de aceite

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos de aceite (expresados en quilogramos):

- Existencias a inicio de mes.
- Entradas de aceite adquirido no mes diferenciadas pola súa procedencia en lugar propio, noutros lagares, noutras entidades nacionais (distintas a refinarias), noutras refinarias e importación (incluíndo réxime de perfeccionamento activo).
- Actividade de refinaria: indicando entradas e saídas.
- Mesturas: indicando entradas e saídas.
- Axustes por calidade: Indicando entradas e Saídas.

- Saídas de aceite vendido no mes diferenciadas polo seu destino en envasadora propia, mercado interior, exportación (incluíndo réxime de perfeccionamento activo) e minguas.
- Réxime de perfeccionamento activo, diferenciando importación e exportación.
- Existencias a final de mes.

B. Respecto aos tipos de aceite (expresado en quilogramos). Declararanse os anteriores movementos de forma diferenciada para os seguintes tipos de aceites: aceite de oliva virxe extra, aceite de oliva virxe, aceite de oliva que contén exclusivamente aceites de oliva refinados e aceites de oliva virxes, aceite de oliva refinado, aceite de bagazo de oliva cru, aceite de bagazo de oliva, aceite de bagazo de oliva refinado, e ácidos graxos-pastas de refinación.

ANEXO VI

Declaración de actividade das extractoras de aceite de bagazo de oliva

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos de bagazo graxo e aceite de bagazo de oliva cru (expresados en quilogramos):

- Existencias a inicio do mes.
- Entradas no mes diferenciadas pola súa procedencia: provedores de bagazo graxo húmido, doutras extractoras (mesmo sequeiros), traspasos (soamente entre instalacións da mesma empresa), extracción propia, produción de bagazo graxo seco, retorno a balsa após extracción física (repasso) e axustes (entendidos como regularizacións e perdas).
- Saídas no mes diferenciadas polo seu destino en clientes nacionais (diferentes de extractoras), outra extractora (incluídos sequeiros), traspasos (soamente entre instalacións da mesma empresa), extracción física e/ou química, secado (en instalación propia), exportación e axustes (entendidos como regularizacións e perdas).
- Existencias o final de mes.

B. Respecto aos tipos de produtos (expresado en quilogramos). Declararanse os anteriores movementos de forma diferenciada para os seguintes tipos: bagazo graxo húmido, bagazo graxo seco, aceite de bagazo de oliva cru obtido por medios físicos e aceite de bagazo de oliva cru obtido por medios químicos.

ANEXO VII

Declaración de actividade das empresas que operan no mercado do aceite de oliva a granel e non dispoñen de instalacións propias

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, nome ou razón social, enderezo, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos (compras e vendas) de aceite (expresado en quilogramos):

- Existencias a inicio mes en lagares, na Fundación Patrimonio Comunal Olivareiro e noutras entidades nacionais.
- Entradas de aceite adquirido no mes diferenciando pola súa procedencia en: lagares (ben en lagar propio ou ben noutros lagares); outras entidades nacionais; e de importación.
- Saídas de aceite vendido no mes diferenciando polo seu destino en: lagares, outras entidades nacionais e exportación (de lagar propio e doutros lagares).

– Existencias ao final de mes diferenciando segundo a súa localización en: lagares, Fundación Patrimonio Comunal Olivareiro e outras entidades nacionais.

B. Respecto aos tipos de aceite (expresado en quilogramos). Declararanse os anteriores movementos de forma diferenciada para os seguintes tipos de aceites: aceite de oliva virxe extra, aceite de oliva virxe, aceite de oliva que contén exclusivamente aceites de oliva refinados e aceites de oliva virxes, aceite de oliva refinado, aceite de bagazo de oliva cru, aceite de bagazo de oliva e aceite de bagazo de oliva refinado.

ANEXO VIII

Declaración de actividade das industrias de transformación de oliva de mesa e doutros operadores de olivas de mesa con instalacións

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos de olivas (expresado en quilogramos de peso enteiro):

- Existencias a inicio de mes.
- Entradas do mes diferenciando en: oliva crúa (diferenciando non importada e importada), oliva transformada doutras industrias e oliva transformada importada.
- Saídas do mes diferenciando en: oliva crúa (diferenciando non importada e importada), oliva transformada a envasadora propia, oliva transformada a outras envasadoras, oliva transformada a outras transformadoras ou operadores, oliva transformada ao mercado interior, oliva transformada a exportación, oliva transformada a obtención de aceite e minguas do proceso de transformación.
- Existencias a fin de mes.

B. Respecto ás variedades diferenciaranse: manzanilla cocida (para verde), manzanilla en salmoira e/ou acético (negra e para negra); gordal cocida (para verde), gordal en salmoira e/ou acético (negra e para negra); hojiblanca cocida (para verde), hojiblanca en salmoira e/ou acético (negra e para negra); cacereña cocida (para verde), cacereña en salmoira e/ou acético (negra e para negra); carrasqueña cocida (para verde), carrasqueña en salmoira e/ou acético (negra e para negra); outras cocida (para verde), outras en salmoira e/ou acético (negra e para negra).

ANEXO IX

Declaración de actividade das envasadoras de oliva de mesa transformadas

A declaración mensual de actividade deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, ao mes, ao RIA ou, se for o caso, número de control, o NIF, nome ou razón social, enderezo, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto.

A. Respecto aos movementos de olivas (débase realizar en quilogramos no seu peso enteiro):

- Existencias a inicio de mes.
- Entradas do mes diferenciando en: transformadas en instalación propia, transformadas por outras industrias, transformadas por outras envasadoras e transformadas importadas.
- Saídas do mes diferenciando en: transformadas para outras industrias, transformadas para o mercado interior, transformadas para exportación e perdas no proceso de transformación.

– Existencias a fin de mes.

B. Respecto ás variedades diferenciaranse: manzanilla cocida (para verde), manzanilla en salmoira e/ou acético (negra e para negra); gordal cocida (para verde), gordal en salmoira e/ou acético (negra e para negra); hojiblanca cocida (para verde), hojiblanca en salmoira e/ou acético (negra e para negra); cacereña cocida (para verde), cacereña en salmoira e/ou acético (negra e para negra); carrasqueña cocida (para verde), carrasqueña en salmoira e/ou acético (negra e para negra); outras cocida (para verde), outras en salmoira e/ou acético (negra e para negra).

ANEXO X

Entrega de oliva: relación complementaria de fornecedores de oliva

A relación complementaria de fornecedores de oliva deberá conter, como mínimo, información relativa á campaña, denominación do centro de recepción ou de compra, nome ou razón social, NIF, enderezo, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto do titular do citado posto de compra. Ademais RIA ou, se for o caso, número de control, nome ou razón social, NIF, enderezo, localidade, provincia, código postal, teléfono, fax e correo electrónico de contacto da industria que adquire a oliva e data de entrega da relación.

Ademais, deberá incluír unha lista en que consten os datos seguintes: data, número de albará, quilogramos recibidos por albará, variedade de oliva (no caso de oliva de mesa), nome ou razón social, domicilio e NIF do oleicultor, e quilogramos entregados á industria por albará, totalizando as cantidades incluídas nos albarás a que faga referencia a entrega, así como indicar a cantidade realmente pesada pola industria receptora á entrada nas súas instalacións.

Así mesmo, esta relación deberá incluír as sinaturas e NIF do operador do posto de compra, o transportista e a industria receptora e demais observacións que se consideren necesarias.

ANEXO XI

Soporte documental

Os obrigados a declarar terán que utilizar un sistema de contabilidade de existencias e dos movementos físicos dos seus produtos, de acordo con modelos de datos que recollan, ao menos, a seguinte información:

Lagares:

– Datos identificativos da industria: RIA ou, se for o caso, número de control, NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono fixo e móbil, fax, correo electrónico e datos postais completos en caso de non coincidiren cos anteriores.

– Entradas de olivas en quilogramos, ordenados por campaña cronoloxicamente e totalizadas por día, con indicación de data; número de albará; quilogramos de oliva por lote; nome e apelidos ou razón social e NIF do oleicultor.

As entradas de oliva asentaranse lote a lote. Considérase «lote» cada unha das entradas de oliva ao lagar e cada lote quedará identificado por un albará, do cal figurará o seu número. En cada un dos lotes recibidos deberá figurar o nome e apelidos ou razón social e NIF do oleicultor baixo a epígrafe correspondente.

Excepcionalmente, rexistrarase conxuntamente como un só lote de entrada a oliva procedente de: a) un centro de compra propio, pero separado do lagar indicando nel «centro de compra»; b) un axente de compra alleo ao lagar indicando nel «operador»; ou c) unha industria de transformación de oliva de mesa, indicando nel neste caso «industria de transformación».

Nestes dous últimos casos indicárase, ademais, o nome e apelidos ou razón social, NIF e enderezo de quen fai a entrega ao lagar. Nos casos a) e b), o dito apuntamento xustificárase cun exemplar da relación complementaria do anexo X cuberta por quen recibiu a oliva dos oleicultores que a produciron con indicación da data, nome e apelidos, ou razón social, NIF e cantidade correspondente a cada entrega.

No caso c), o anexo X cubrírase só coa data de saída da industria de transformación e coa cantidade total de oliva que se entrega ao lagar.

A oliva procedente dun país non pertencente á UE reflectírase en contabilidade á parte.

- Entradas de aceite adquirido ou en depósito en quilogramos, ordenados por campaña cronoloxicamente e totalizados por día, con indicación de data; número de albará; quilogramos de aceite adquirido ou en depósito; nome e apelidos ou razón social e NIF do fornecedor.

- Saídas de aceite de produción propia, adquirido ou en depósito en quilogramos, ordenados por campaña cronoloxicamente e totalizados por día, con indicación de: data, número de albará; quilogramos de aceite de produción propia, adquirido ou en depósito; nome e apelidos ou razón social, enderezo e NIF do destinatario.

- Saídas de bagazo en quilogramos, ordenados por campaña cronoloxicamente e totalizados por día, con indicación de: data, número de albará, quilogramos de bagazo, nome e apelidos ou razón social, enderezo e NIF do destinatario.

- Resumo mensual de aceite producido por día en quilogramos, con indicación de: oliva entrada e moída, aceite de oliva e bagazo obtidos, e saídas de aceite de oliva e bagazo. Así mesmo, incluírase o totalizado até o mes anterior e o total de campaña; un balance de aceite de oliva virxe consistente en existencias ao inicio da campaña, entradas de aceite producido e saídas por campaña e existencias ao final até o mes declarado incluído. Por último, débese incluír un detalle de saídas de aceite de oliva segundo sexa a: envasadora propia, outras entidades, exportación e almacenaxe en instalacións de terceiros, até o mes anterior, mes actual e total da campaña.

- Resumo mensual de movementos de aceite oliva adquirido ou en depósito en quilogramos por día, totalizado por mes, meses anteriores e campaña, indicando: entradas, saídas e existencias. Ademais, un balance de movementos na campaña con existencias ao inicio da campaña, entradas, saídas e existencias a finais de mes.

Industrias transformadoras de oliva de mesa:

- Datos identificativos da industria: RIA ou, se for o caso, número de control, NIF, nome ou razón social, enderezo da instalación, localidade, provincia, código postal, teléfono fixo e móbil, fax, correo electrónico e datos postais completos, en caso de non coincidiren cos anteriores.

Entradas de oliva crúa e transformada en quilogramos, ordenados por campaña, cronoloxicamente e totalizadas por día, con indicación de data, número de albará, quilogramos de oliva diferenciadas por variedade (manzanilla, gordal, hojiblanca, cacereña, carrasqueña, outras) e tipo (cocida, para verde ou salmoira e/ou acético negra ou acético para negra), nome e apelidos ou razón social, NIF do oleicultor. Excepcionalmente, rexistrárase conxuntamente como un só lote de entrada a oliva crúa procedente de: a) un centro de compra propio, pero separado da industria de transformación indicando nel «centro de compra»; b) un axente de compra alleo á industria de transformación indicando nel «operador».

- En ambos os casos indicárase, ademais, o nome e apelidos ou razón social, NIF e enderezo de quen fai a entrega á industria de transformación. O dito apuntamento xustificárase cun exemplar da relación complementaria do anexo X cuberta por quen recibiu a oliva dos oleicultores que a produciron con indicación da data, nome e apelidos, ou razón social, NIF e cantidade correspondente a cada tipo.

- Saída de oliva crúa e transformada en quilogramos, ordenados por campaña, cronoloxicamente, e totalizadas por día, con indicación de data, número de albará, quilogramos de oliva por variedade (manzanilla, gordal, hojiblanca, cacereña, carrasqueña,

outras) e tipo (cocida, para verde ou salmoira e/ou acético negra ou acético para negra), nome e apelidos ou razón social, NIF do oleicultor.

– Resumo mensual de entradas de oliva crúa e oliva transformada por variedade e por día en quilogramos, ordenadas cronoloxicamente, totalizados por día, mes e campaña, con indicación de data, número de albará, quilogramos de oliva por variedade (manzanilla, gordal, hojiblanca, cacereña, carrasqueña, outras) e tipo (cocida, para verde ou salmoira e/ou acético negra ou acético para negra).

– Resumo mensual de saídas de oliva crúa e oliva transformada por variedade e por día en quilogramos, ordenadas cronoloxicamente, totalizados por día, mes e campaña, con indicación de: data, número de albará, quilogramos de oliva por variedade (manzanilla, gordal, hojiblanca, cacereña, carrasqueña, outras) e tipo (cocida, para verde ou salmoira e/ou acético negra ou acético para negra).